

MEMORIA XUSTIFICATIVA E ECONÓMICA

ADDENDA AO III CONVENIO ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE), AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN (GAIN), SOCIEDADE XESTORA DE ENTIDADES DE INVESTIMENTO DE TIPO PECHADO, S.A.U. (XESGALICIA), CONSORCIO DE LA ZONA FRANCA DE VIGO (CONSORCIO), VIGO ACTIVO SOCIEDAD DE CAPITAL RIESGO, S.A. S.M.E (VIGO ACTIVO), FUNDACIÓN CLÚSTER DE EMPRESAS DE AUTOMOCIÓN DE GALICIA (CEAGA) E STELLANTIS ESPAÑA, S.L. (STELLANTIS), PARA CONTINUIDADE DUN FOCO DE EMPRENDEMENTO NO SECTOR DA AUTOMOCIÓN E MOBILIDADE EN GALICIA (BUSINESS FACTORY AUTO - BFA) E A REALIZACIÓN DAS EDICIÓNS 7ª, 8ª E 9ª.

Con data do 15 de marzo de 2023, Igape, GAIN, Xesgalicia, Consorcio, Vigo Activo, Ceaga e Stellantis, asinaron un convenio de colaboración para a continuidade do foco de emprendemento no sector da automoción e ecosistema de mobilidade en Galicia (BUSINESS FACTORY AUTO – BFA), de maneira que se consoliden e melloren os programas de apoio a iniciativas de emprendemento e consolidación de proxectos especializados en automoción e mobilidade e a súa transformación en empresas innovadoras, viables e escalables, que atraian e reteñan talento, que contribúan a fortalecer o posicionamento do sector e a incrementar a súa proxección internacional.

Con data 29 de decembro de 2023 os participantes do convenio asinan unha addenda motivada polo retraso no lanzamento da 7ª edición comprometendo o réxime de pagos dos proxectos en desenvolvemento, polo que faise necesario unha redistribución orzamentaria nas diferentes anualidades. Aproveitase a devandita addenda para incorporacións de índole normativo e legal.

Por resolución da Directora Xeral do Igape de data 11/03/2025, que se incorpora como anexo ao Convenio, e en virtude das disposicións previstas no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, e no Decreto 140/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía e Industria, formalízase a asunción polo Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) das obrigas atribuídas á Axencia Galega de Innovación (GAIN) no Convenio para a posta en marcha do foco de emprendemento no eido da automoción e ecosistema de mobilidade en Galicia (BUSINESS FACTORY AUTO – BFA).

Finalmente, o IGAPE está desenvolvendo un sistema de monitorización das aceleradoras promovidas pola Xunta de Galicia co obxectivo de facer un seguimento e avaliación do programa, dos proxectos e medir indicadores e o retorno do investimento, polo que a Addenda inclúea a obriga do equipo xestor da BFA de facilitar a información necesaria coa periodicidade que se determine.

Estas modificacións foron acordadas e propostas pola comisión de seguimento do convenio na súa reunión do 30 de xaneiro de 2025.

As modificacións efectuadas son as seguintes:

1. Modificación da Cláusula Sétima. *Financiamento dos proxectos participantes*

No primeiro parágrafo do apartado 1. *Financiamento fase de aceleración*, cámbiase o acrónimo GAIN por Igape, quedando o parágrafo como segue:

- Igape: Fondo perdido 25.000,00 euros por proxecto. O outorgamento desta subvención realizarase a través do convenio de concesión directa para o que, con carácter orientador, recóllese un modelo no anexo II.

2. Modificación da Cláusula Décima. *Obrigas de IGAPE*

Modifícase para incluír a obriga do Igape de financiamento dos proxectos quedando redactada así:

1. Financiamento aos proxectos de incubación e aceleración en forma de subvención a fondo perdido.
2. Co-financiamento do orzamento operativo.
3. Co-liderado e participación nas funcións do Consello Executivo.

3. Modificación da Cláusula Duodécima. *Obrigas de GAIN*

Elimínase

4. Modificación da Cláusula Décimo sétima. *Compromisos de achegas económicas para o financiamento dos proxectos participantes.*

Modifícase parcialmente, en canto á substitución de GAIN por Igape, modificándose os seguintes apartados ou parágrafos:

1. Financiamento de Igape:

GAIN financiou os proxectos correspondentes á anualidade 2024 e 7ª edición cunha cantidade de 250.000€ con cargo á partida orzamentaria 05.A2.561A.770.0.

Igape achegará ao desenvolvemento do programa a cantidade de 500.000 €, dos orzamentos da Instituto Galego de Promoción Económica para os anos 2025 e 2026, con cargo á partida orzamentaria 09.A1.-561A-770.0, segundo segue:

Fase aceleración	8ª Edición	9ª Edición
	2025	2026
Total edición y anualidad	250.000,00 €	250.000,00 €

Estas axudas estarán suxeitas ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e ao Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da devandita Lei; así como á normativa básica da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións, e o seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.

Estarán suxeitas igualmente ao réxime de minimis establecido no novo Regulamento de minimis, Regulamento (UE) 2023/2831 da Comisión, de 13 de decembro de 2023, relativo á

aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de *minimis*.

En virtude do disposto do devandito regulamento, o importe total das axudas de *minimis* concedidas por un estado membro a unha única empresa, non excederá de 300.000€ durante calquera período de tres anos. O devandito límite máximo aplícase a todo o conxunto de axudas recibidas en concepto de *minimis* pola empresa, independentemente da forma en que se outorguen, ou do obxectivo perseguido.

En base ao anterior, xunto coa documentación xustificativa relacionada no anexo II deste convenio, o beneficiario deberá presentar unha declaración do conxunto de axudas recibidas pola empresa en concepto de *minimis*, durante os tres anos anteriores.

As entidades cuxos proxectos foron subvencionados e/ou financiados con anterioridade por XESGALICIA e/ou por GAIN no marco de calquera outro programa de aceleración, quedarán excluídas das achegas económicas e financiamento a conceder, previsto no presente convenio na fase de aceleración.

No caso de que o proxecto xa tivese financiamento previo por parte do XESGALICIA ou GAIN, o financiamento no marco do Programa BFA terá que ser aprobada polo Comité Executivo.

5. Modificación da Cláusula Décimo oitava. *Financiamento operativo do Programa BFA.*

A partida orzamentaria na que se cargan os custos xustificadas pasa a ser 09.A1.741A. 6402 no lugar de 05.A1.741A.6402.

6. Modificación da Cláusula Vixésima. *Comisión de seguimento do convenio.*

Elimínanse as referencias a GAIN e increméntase a presenza de Igape na comisión, en forma proporcional ao persoal participante de GAIN, é dicir, 1 membro adicional do Igape. O parágrafo queda coma segue:

Para facilitar a execución e desenvolvemento, así como o seguimento e cumprimento do presente convenio, constituirase unha comisión integrada, en principio, e salvo mutuo acordo das partes na súa modificación, que obrigatoriamente se plasmará como unha addenda ao convenio, polos seguintes membros, nomeados por cada entidade para tal efecto:

- 2 membros por parte do Igape, que actuará como presidente, e que será nomeado pola persoa que ocupe a dirección xeral do IGAPE ou persoa en quen delegue.
- 1 membro por parte de XESGALICIA, que será nomeado pola persoa que ocupe a dirección xeral de XESGALICIA.
- 1 membro por parte do CONSORCIO, que será nomeado pola persoa que ocupe a Delegación especial do Estado no CONSORCIO.
- 1 membro por parte do VIGOACTIVO, que será nomeado pola persoa que ocupe a presidencia do consello de administración de VIGOACTIVO.
- 2 membros por parte de CEAGA, que serán nomeados pola persoa que ocupe a xerencia de CEAGA.
- 2 membros por parte de STELLANTIS, que serán nomeados pola persoa que ocupe a

dirección xeral da planta de Vigo de STELLANTIS.

Esta Comisión actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio.

O funcionamento da Comisión de Seguimento farase ao amparo do réxime xurídico dos órganos colexiados contido na sección III, capítulo I do título I (artigo 15 e seguintes) da lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

7. Modificación da Cláusula Vixésimo segunda. *Publicidade.*

Elimínase a referencia feita a GAIN, quedando o parágrafo coma segue:

De conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, o Igape e a Consellería de Economía e Industria publicarán no *Diario Oficial de Galicia* e na súa páxina web oficial o importe da prestación económica concedida ao amparo deste convenio e a entidade destinataria desta, polo que a firma do convenio leva implícita a autorización dos asinantes do convenio para o tratamento necesario dos datos da entidade e a referida publicidade, así como a súa cesión por parte do Igape aos órganos competentes da Consellería de Economía e Industria. Así mesmo, o CONSORCIO dará cumprimento ao establecido na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, polo que a firma do convenio leva implícita a autorización de Igape, XESGALICIA, CEAGA, STELLANTIS e VIGOACTIVO para o tratamento necesario dos datos da entidade e a referida publicidade, así como a súa cesión por parte do CONSORCIO aos órganos competentes de Ministerio de Facenda.

Os asinantes do convenio deberán fornecer toda a información necesaria para que o Igape poida dar cumprimento ás obrigacións previstas no Título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. As consecuencias do incumprimento deste deber serán as establecidas no artigo 4.4 da devandita lei.

A firma deste convenio suporá o consentimento expreso por parte do CONSORCIO para que a Administración Galega inclúa e faga públicos os datos referidos ao presente convenio, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, relativo ás obrigacións específicas en materia de información sobre convenios; e co disposto no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Ao mesmo tempo, a firma deste convenio suporá o consentimento expreso dos entes da Administración galega para incluír e facer públicos os datos do presente convenio no Rexistro Electrónico Estatal de Órganos e Instrumentos de Cooperación, creado pola disposición adicional sétima da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e para dar cumprimento á obrigación contemplada no artigo 8.1. b) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

8. Modificación do Anexo I – *Gobernanza e xestión do programa BFA*

Modifícase o anexo segundo segue:

Apartado 2. Comité executivo

Membros do comité executivo:

Elimínanse referencias a GAIN e elimínanse tamén os dous membros de GAIN como participantes do comité executivo, pasando de 18 a 16.

Apartado 3. Equipo xestor:

No subapartado *Cadro de mandos de indicadores*, engádese o parágrafo seguinte;

O equipo xestor da BFA facilitará ao Igape todos aqueles datos e información que este considere necesarios para a alimentación do sistema de monitorización das aceleradoras de emprendemento innovador promovidas pola Xunta de Galicia, para facilitar o seguimento por parte de Igape da execución e desenvolvemento do presente convenio en aras de avaliar a eficacia e eficiencia do mesmo, medindo aspectos como o retorno de investimento realizado.

No caso de incumprimento da presente obriga, poderase minorar en ata un 20% a achega económica do Igape para o financiamento operativo e técnico da BFA, feito que se determinará na pertinente comisión de seguimento convocada para tal fin.

9. Modificación do Anexo II. Modelo de convenio de concesión directa.

Respecto ao Modelo de convenio de concesión directa que figura como Anexo II do Convenio orixinal pasa a ser asumido por IGAPE, quedando liberado GAIN da súa execución.

O resto de cláusulas do convenio asinado o 15 de marzo de 2023 permanecen inalterables e terán plena validez.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A subdirectora de innovación empresarial

Patricia López Quintiá